

ACORDO DA COAP DO 21 DE MARZO DE 2018 SOBRE A CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2018/19

No Consello de Goberno que tivo lugar o 5 de febreiro de 2018, foi aprobada a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/19 e os criterios a utilizar para a puntuación das solicitudes presentadas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e, en aplicación deste acordo do Consello de Goberno, a COAP, na sesión do 13 de marzo de 2018, toma o acordo de resolución provisional de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/19 establecendo un prazo para posibles reclamacións.


Unha vez rematado o dito prazo, e unha vez analizadas as reclamacións, a COAP na sesión do 21 de marzo de 2018, acorda a resolución definitiva de concesión de anos sabáticos para o curso 2018/19 que se establece no Anexo I deste acordo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.


As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 21 de marzo de 2018

O presidente actuante no punto 2 da orde do día



Iñigo Cuña Gómez



Anexo I

ACORDO DA COAP DO 21-03-2018: Resolución definitiva da Convocatoria de anos sabáticos 2018/2019
Solicitudes e puntuacións totais de acordo cos criterios aprobados no Consello de Goberno de 05/02/2018

| Apelidos | Nome | CAT. | DPT | AREA | TOTAL |
|--------------------|-----------------------|------|-----|------|--------|
| GARCÍA VÁZQUEZ | JOSÉ MANUEL | CU | X09 | 650 | 16,133 |
| MATO DE LA IGLESIA | SALUSTIANO | CU | C04 | 819 | 15,666 |
| FERNÁNDEZ IGLESIAS | MANUEL JOSÉ | TU | T13 | 560 | 15,633 |
| FARIÑA RIVERA | FRANCISCA | CU | X01 | 730 | 14,000 |
| LAFUENTE GIMÉNEZ | MARÍA ANUNCIACIÓN | CU | C07 | 807 | 11,500 |
| FERNÁNDEZ OTERO | ANTONIO | TU | T02 | 535 | 11,400 |
| CABEZA PEREIRO | MARÍA DEL CARMEN | TU | H12 | 575 | 10,221 |
| BALTRUSCH | BURGHARD | TU | H03 | 370 | 9,700 |
| GONZALEZ GÓMEZ | MANUEL | TU | X06 | 225 | 9,500 |
| LAGO PEÑAS | SANTIAGO | CU | X06 | 225 | 9,100 |
| CANEDA CABRERA | MARÍA TERESA | TU | H04 | 345 | 9,000 |
| RODRÍGUEZ LIÑARES | LEANDRO | TU | T15 | 570 | 8,166 |
| PÉREZ RODRÍGUEZ | MARÍA ROSA | TU | H10 | 567 | 8,044 |
| BÁEZ MONTERO | INMACULADA CONCEPCIÓN | TU | H10 | 567 | 8,021 |
| VERDE DIEGO | MARÍA DEL CARMEN | TU | X01 | 813 | 6,731 |
| IGLESIAS CANLE | INES CELIA | TU | X03 | 175 | 6,000 |
| RODRÍGUEZ BERROCAL | FRANCISCO JAVIER | CU | C03 | 60 | 17,465 |
| PASTOR BRAVO | JESÚS LUIS | CU | H09 | 185 | 12,000 |
| ALONSO CARRERA | JAIME | CU | X08 | 415 | 11,933 |

Área repetida



O Consello de Goberno, na súa sesión do 5 de febreiro de 2018, acorda por asentimento utilizar os seguintes criterios para puntuar as solicitudes dun ano sabático para o curso 2018/19:

- 2 puntos por cada sexenio contabilizado a 31/12/2017; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2010 ou posterior.
- 0,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2017.
- cargos de xestión unipersoais: só serán valorados os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2008 (inclusive) e puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento por cargos de xestión (DOG do 16/01/2018). En caso de empate, terase en conta o feito de non ter desfrutado anteriormente dun ano sabático e a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente e a tempo completo.

O profesorado con sombreado é o beneficiario dun ano sabático para o curso 2018/2019 de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria